



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Tendo en conta as solicitudes de recoñecemento de materias de planos previos á reforma para a libre configuración curricular, dictouse a Resolución Rectoral do 14 de marzo de 1994 que establecía non só o procedemento, senón tamén no seu anexo, a equivalencia en créditos das materias dos planos de estudos non estruturados en créditos.

O citado anexo foi obxecto de modificacións e ampliacións que aconsellan refundi-las distintas Resolucións nun só documento, ademais de engadi-las correccións recibidas dos distintos Centros da Universidade.

É polo exposto que,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Recoñecer ás materias dos planos de estudos previos ó Real Decreto 1497/87 a carga lectiva en créditos que para cada unha delas se recolle no Anexo.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto a Resolución Rectoral do 14 de marzo de 1994 pola que se establecía o procedemento de recoñecemento, e a equivalencia en créditos das materias dos planos de estudos previos á reforma.



Santiago, 18 de marzo de 1996

RECTOR,

Dario Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
Srs. DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE
SR. SECRETARIO XERAL
SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO
SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
SRS. XEFES DAS UNIDADES CENTRALIZADAS DE XESTIÓN ACADÉMICA